

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 22 de maio de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. José Manuel Fernández Pérez

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Angel Rivas González  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e dous de maio de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(624).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 8 de maio de 2015 e da sesión extraordinaria e urxente da mesma data, na que se rectifica o título do punto nº 2 da orde do día, eliminando a frase “por procedemento negociado con publicidade”. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(625).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN “MÉDICOS DO MUNDO” PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL. ANO 2015. EXPTE. 103509/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 28.04.15, o informe de fiscalización do 12.05.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de CEDRO, do 16.04.15, conformado polo xefe de Área de Benestar Social,

a concelleira-delegada de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

*O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.*

*No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das conductas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención aos colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en media aberto.*

*O PLDA ten como instrumentos para o seu desenvolvemento, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenios con outras administracións, e a coordinación e colaboración coas entidades locais (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.*

*O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adicións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ao uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ao consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.*

*No marco de actuación anterior, proponse o establecemento dunha subvención, determinada pola imposibilidade de proporcionar o servizo con medios propios do departamento e a inexistencia de empresas que desenvolvan estas tarefas no noso medio. Por outra banda, as propias características técnicas do programa, determinan a conveniencia de establecer un convenio de cooperación cunha entidade sen ánimo de lucro do ámbito local.*

*O Concello ven traballando coa entidade Médicos do Mundo para a prestación dun servizo que cubre as carencias da estrutura municipal actual e, no orzamento de CEDRO, existe consignación de crédito na aplicación orzamentaria 3112 4890001 "Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo" por un importe para o ano 2015 de 50.000 euros.*

*Polo exposto e por tratarse dunha subvención na que se acreditan razóns de interese público, social e humanitario, proponse á Xunta de Goberno Local a concesión dunha subvención directa*

*segundo artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, articulada mediante o establecemento dun convenio de colaboración coa entidade Médicos do Mundo, para a realización dun programa de redución do dano en medio aberto, con un centro de día para a inclusión social e una unidade de rúa, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro.*

*A lexislación aplicable a este tipo de axudas é a que se sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo de 2006; a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*O convenio contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, propónse o aboamento dun 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*

*En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais/drogodependencias como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte. «ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar e a entidade «Médicos do Mundo» (CIF G-79408852), para o desenvolvemento dun programa de intervención sociosanitaria destinado a persoas drogodependentes en situación de exclusión social en Vigo – ano 2015.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 3112.489.00.01 -Convenio educación na rúa con Médicos do Mundo– do orzamento vixente».*

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

«CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN SOCIOSANITARIA DESTINADO A PERSOAS DROGODEPENDENTES EN SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN SOCIAL EN VIGO – ANO 2015»

Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015

### COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra,

D<sup>a</sup> María de las Nieves Turienzo Río, en calidade de presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G-79408852 e enderezo para os efectos de notificación en Vigo, na rúa Illas Baleares nº 15, baixo.

### INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D<sup>a</sup> María de las Nieves Turienzo Río, en calidade de presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I.- Que a entidade Médicos do Mundo é unha organización non gubernamental (ONG) que traballa dende 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, dende 1995 cun programa de achegamento (outreach) e de redución de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución.

Médicos do Mundo iniciou, en 2001, un proxecto de achegamento, redución de danos e sensibilización para usuarios de drogas no entorno da Unidade Asistencial de

*Drogodependencias "CEDRO". Posteriormente, e baseándose na experiencia de Médicos do Mundo noutras cidades do Estado, foise estruturando na cidade de Vigo o Centro de Reducción de DANos (CEREDA).*

*O CEREDA está concebido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de redución de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ó consumo de drogas, a diminuír a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades transmisibles. A estratexia de intervención do CEREDA é de "baixo umbral", seguindo os principios de intervención humanitaria que moven a Médicos do Mundo en todas as súas áreas de traballo.*

*O programa CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático das drogas, en grave situación de desarraigo e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/ou con problemas de saúde, que rexeitan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das persoas consumidoras de drogas involucrándoas no cuidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso á rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ó consumo.*

*O CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo está concebido como un recurso de atención e cuidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense desde un dispositivo fixo, denominado "Centro de calor e café" e un equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo.*

*O interese para a cidade de Vigo de contar cun programa destas características, a través dunha estratexia de redución de riscos e danos, é que non só posibilita unha mellora sociosanitaria da poboación obxeto de intervención, senón tamén do contorno socio-comunitario onde se ubica.*

*Os grandes piares nos que se apoia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.*

*As prestacións do CEREDA non pretenden substituír ás da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertentes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a accesibilidade ós recursos, e outra liña de intervención cos propios/as usuarios/as facilitándolles a información e o asesoramento necesario para poder acceder ós recursos.*

*Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2014 foi de 633 persoas.*

*II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias están a protección da salubridade pública e a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000 habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro, LRSAL) .*

*A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residénciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).*

*De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».*

*Ademais, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de atención social continuada e unidades de rúa.*

*A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais e os programas, medidas e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social na nosa Comunidade.*

*A Resolución de 2 de febreiro de 2009, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre drogas, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros polo que se aproba a Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016, mantén que o éxito da política xeral sobre drogas require da cooperación das Administracións Locais. Deste xeito, o desenvolvemento da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 no seu Plan de Acción sobre Drogas, no obxectivo primeiro, propón optimizar a coordinación e cooperación no marco do Estado español mediante, entre outras medidas, a potenciación da elaboración de plans municipais e supramunicipais coherentes coa Estratexia Nacional. Máis especificamente, entre os obxectivos xerais, atópanse os de garantir unha asistencia de calidade e adaptada ás súas necesidades, a todas aquelas persoas directa ou indirectamente afectadas por consumo de drogas, reducir ou limitar os danos ocasionados á saúde das persoas que consumen drogas e, en xeral, os efectos sociais e sanitarios indesexables relacionados co seu uso, e facilitar a incorporación á sociedade das persoas en proceso de rehabilitación, a través de programas de formación integral e de preparación e inserción laboral. A nivel de diminución do risco e redución do dano, considérase necesario ampliar a cobertura de programas de rúa ou de contacto, acceso e detección precoz de problemas que afectan a grupos de poboación en situación de risco.*

*O Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011-2016, establece entre os seus principios reitores a necesidade da participación social na planificación e execución das respostas fronte ás adiccións, a coordinación intersectorial e a corresponsabilidade. Entre os seus obxectivos xerais, atópanse os de diminuír os riscos e reducir os danos para a saúde e o benestar derivados do consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, mellorar a cobertura asistencial dos trastornos aditivos e apoiar os procesos de integración social das persoas atendidas en Rede de Tratamento de Condutas Aditivas e intensificar a coordinación e cooperación institucional mediante a potenciación da coordinación e cooperación coas administracións locais de Galicia e coa Administración xeral do Estado, para asegurar o cumprimento dos obxectivos previstos no Plan de Trastornos Adictivos e tamén promover a participación social, a coordinación e a*

*cooperación coas entidades privadas que traballan nos ámbitos da prevención, asistencia, incorporación social, formación e investigación en trastornos adictivos. Máis concretamente, se establece como unha liña estratéxica a diminución de riscos e redución de danos asociados ó uso e abuso de drogas, mediante o desenvolvemento de programas móbiles de diminución de riscos e redución de danos asociados ó consumo de alcohol e outras drogas en zonas de ocio xuvenil, a realización de talleres sobre consumo de menos riscos e prácticas de sexo seguro, o intercambio de xiringas entre consumidores de drogas por vía parenteral, a difusión de información sobre pautas de consumo hixiénico, así como de materiais estériles de consumo e preservativos entre os usuarios de drogas afastados dos servizos asistenciais.*

*A carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.*

*O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.*

*No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se atopa manter a calidade dos recursos existentes, evitar a desaparición de programas, accións ou recursos necesarios para dar resposta ás necesidades asistenciais da cidade, e mellorar a atención ós colectivos en situación de exclusión social e a cobertura dos programas de emerxencia, redución do dano e intervención en medio aberto.*

*O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servicio de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, os convenios con outras administracións e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento (prorrogado), na aplicación orzamentaria 3112.489.00.01, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 50.000 €, a favor da asociación Médicos do Mundo.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ó fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado "Centro de calor e café" e un equipo de rúa.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Médicos do Mundo, o Concello de Vigo e a dita entidade Médicos do Mundo convenian a súa colaboración no ámbito da redución de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base ós seguintes*

## PACTOS

### Primeiro.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo en canto á realización da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado "Centro de calor e café" e un equipo de rúa e, concretamente, a:

1. Realizar a contratación do persoal técnico necesario para a correcta execución do Programa.
2. Asumir a súa xestión xeral.
3. Contribuir ó financiamento do custo restante do Programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos necesarios, detallados no orzamento do proxecto presentado.
4. Cumprir as directrices técnicas do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e colaborar na súa estrutura participativa.
5. Cumplimentar os procedementos que se determinen para o rexistro de indicadores de actividade no ámbito da xestión dos recursos que traballan coas persoas en exclusión social severa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á entidade MÉDICOS DO MUNDO, unha subvención para o exercicio de 2015 por importe de 50.000€ co obxecto de coadxuvar ó financiamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo.

### Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD.887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



#### Cuarto.-

*Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, achegará a cantidade de 50.000€ con cargo á aplicación orzamentaria núm. 3112.489.00.01, do vixente exercicio presupuestario.*

*Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:*

- O 50% á sinatura do convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pagamento anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, de 21 de xullo, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*
  
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 30 de novembro de 2015, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada polo funcionario responsable do programa.*

#### Quinto.-

*Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.*

*A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

#### Sexto.-

*No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo e da Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo.*

#### Sétimo.-

*Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias e estará composta por dúas persoas de Médicos do Mundo e dous técnicos deste Concello, presidida pola Concelleira responsable dos Servizos Sociais ou persoa en que delegue.*

Oitavo.-

*A entidade Médicos do Mundo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo, facéndose responsable dos danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.*

Noveno.-

*A entidade Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.*

Décimo.-

*A entidade Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do día 30 de novembro de 2015, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro xeral do Concello, con destino ós Servizos Sociais.*

*A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.*

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

*-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.*

*-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*

*–Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*

*–Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.*

*–Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*

*–Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

*Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*

*Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.*

*Que se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.*

*A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou*

actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a Área xestora da subvención procederá ó estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ó expediente e a Área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

#### Décimo primeiro.-

Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

#### Décimo segundo.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2015.

#### Décimo terceiro.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar. O responsable técnico do programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

#### Décimo cuarto.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### Décimo quinto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.-

*Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD.1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

Décimo sétimo.-

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política de Benestar.*

Décimo oitavo.-

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD.887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.*

**3(627).- PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO” CARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOSOCIAL AO DOENTE ONCOLÓXICO E AOS SEUS FAMILIARES. ANO 2015. EXPTE. 105114/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.04.15, o informe de fiscalización do 11.05.15, dáse conta do informe técnico da Traballadora social, do 30.03.15, que di o seguinte:

*A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención*

*inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL ).*

*A teor da reforma introducida pola LRSAL, a competencia en materia de «prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social» residenciase agora na Admón. autonómica, que deberá asumila a 31.12.2015, nos termos previstos nas normas reguladoras do sistema de financiamento autonómico e das Facendas locais e previa elaboración dun plan para a avaliación, reestruturación e implantación dos servizos (Disp. Transit. 2ª), sen prexuízo da súa eventual delegación nos municipios (Art. 27 LRBRL).*

*De acordo coa Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, esas competencias que debería asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela».*

*Ademais, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).*

*Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador, constituíndose na principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación social e laboral.*

*A AECC é unha ONG de carácter benéfico asistencial sen ánimo de lucro sendo o fin principal da entidade a atención ao doente oncolóxico e aos seus familiares así como a poboación xeral mediante actividades de investigación, divulgación, prevención, formación e de carácter sanitario ou asistencial.*

*Sendo os principais proxectos ou servizos cos que conta:*

- Departamento de psicoloxía*
- Departamento de traballo social*
- Departamento de coidados paliativos*
- Departamento de voluntariado*
- Departamento de xuventude*
- Departamento de administración*

*Para todo elo dispón ademais dos seguintes recursos humanos: psicólogas, traballadoras sociais, informático e administrativos.*

*A Concellería de Política de Benestar está a recibir unha gran demanda para a atención psicolóxica e social dos doentes oncolóxicos e os seus familiares empadroados no Concello de Vigo. Para poder responder á demanda prantexada, propónse a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Española Contra o Cancro (AECC) para o desenvolvemento do “Programa de atención psicossocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares” mediante o que atenderanse a 25 doentes oncolóxicos e a 25 familiares de doentes derivados pola Concellería de Política de Benestar e que se atopen empadroados en Vigo.*

*A AECC de Vigo, ante as repercusións físicas, psicolóxicas e sociais derivadas do diagnóstico e tratamento do cancro, pon en marcha a finais do ano 1990 o programa de atención psicolóxica. A finalidade do convenio é acadar unha vida normalizada co que se fai necesario abordar a través do presente programa as necesidades de índole psicosocial.*

Obxectivos:

Xeral:

*Mellorar a calidade de vida dos diagnosticados de cancro e das súas familias.*

*Mediante este convenio, dende o Departamento de Política de Benestar enviaranse 25 persoas beneficiarias, sen custo algún que deberán estar empadroadas no Concello de Vigo.*

*O convenio estará vixente durante o ano 2015 cun orzamento total de 7.000,00 euros.*

*A subvención que se propón está prevista no orzamento de Política de Benestar e o seu réxime é o de concesión directa a teor do artigo 22.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e ao artigo 19.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*Ó acreditarse razóns de interese público, social e humanitario para a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*

*A lexislación aplicable a este tipo de axudas é a que se sinala no artigo 5 da LXS, que se refire ao réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora: Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, con carácter básico e supletorio que resulta da súa disposición final primeira; e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo RD.887/2006, do 21 de xullo de 2006, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*Así mesmo, dáse conta do informe-proposta de data 7.04.15, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:*

*I. En relación coa Instrucción 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa AECC sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as*

competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela» e que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

II. En consecuencia, visto o que antecede, o informe da técnica responsable do Programa, a orde de inicio de expediente da concelleira delegada da Área de Política de Benestar e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, «ACORDO:

*PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar e a «Asociación Española contra o cancro (AECC) – Xunta Local de Vigo» (CIF G-28197564), para a execución dun programa de atención psicosocial ó doente oncolóxico e ós seus familiares – ano 2015.*

*SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 7.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.10 -Convenio Asociación contra o cancro– do orzamento vixente».*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **4(628).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS A ORESA, S.L. EXPTE. 5055/241.**

Visto o informe de fiscalización do 15.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Contratación, do 18.05.15, que di o seguinte:

*Examinado o expediente promovido por ORESA, S.L. no que se solicita a devolución da fianza de 28.476,72 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa José Antela Conde, e cumpridos os requisitos esixidos na lexislación vixente, propónse á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:*

*“Devolver a ORESA, S.L. a fianza de 28.476,72 euros, constituída para responder das obras de humanización da rúa José Antela Conde, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 12 de novembro de 2009, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación, e transcorre-lo prazo de garantía.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **5(629).- RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES CORRESPONDENTES AO MES DE ABRIL 2015. EXPTE. 6102/335.**

Mediante providencia de data 12.05.15, co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo prorrogado

para o ano 2015, o concelleiro delegado de Cultura, Festas e Museos, dá conta dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas durante o mes de abril, que son os seguintes:

*Expte: 6077/335. CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN E DIFUSIÓN DE FOLLETOS PARA ACTUACIÓNS DE BANDAS DE MÚSICA E CORAIS POLIFÓNICAS*

*Decreto concelleiro data: 16/04/2015*

*Informe Intervención: RCM 25273*

*Adxudicatario: ECOVIGO PUBLICIDAD SL*

*Importe total: 3.368,34 EUROS*

*Expte: 6078/335. CONTRATACIÓN DA MONTAXE DE CADEIRAS PARA ACTUACIÓNS EN RÚAS DE BANDAS DE MÚSICA*

*Decreto concelleiro data: 14/04/2015*

*Informe Intervención: RCM 24426*

*Adxudicatario: VIGO MÚSICA SL*

*Importe total: 6.350,00 EUROS*

*Expte: 6093/335. CONTRATACIÓN DO ALUGUER DO RECINTO AUDITORIO MAR DE VIGO PARA ACTUACIÓNS DE HABANERAS*

*Decreto concelleiro data: 24/04/2015*

*Informe Intervención: RCM 27903*

*Adxudicatario: ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO SL*

*Importe total: 9.317,00 EUROS*

#### Acordo

A Xunta de Goberno queda informada.

#### **6(630).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “IV CARREIRA POPULAR DA CEREIXA” O DÍA 31 DE MAIO DE 2015. EXPTE. 13992/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 18.05.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

##### **1.- ANTECEDENTES:**

*A Asociación de Veciños de Beade, con CIF (G36632081), solicitou o día 31-03-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150037855) autorización do Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: IV CARRERA POPULAR DA CEREIXA*
- *Data: 31 DE MAIO DE 2015*

*A Asociación de Veciños de Beade, remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente ao evento deportivo IV CARRERA POPULAR DA CEREIXA, o evento deportivo terá lugar o vindeiro domingo 31 de maio de 2015 e percorrerá polas rúas de Porto, camiño Laranxo, Millada, Alén, Velouro, Coutada, Covelo, Dornelas,, Marzos, Batalla e Milladada, a carreira comenará ás 10.00h.*



A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local
- Seguridade
- Protección civil

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Asociación de Veciños de Beade, con CIF (G36632081), a organizar o vindeiro domingo 31 de maio de 2015, o evento deportivo denominado IV CARRERA POPULAR DA CEREIXA, a carreira percorrerá polas rúas de Porto, camiño Laranxo, Millada, Alén, Velouro, Coutada, Covelo, Dornelas, Marzos, Batalla e Milladada, a carreira comenará ás 10.00h.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **7(631).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “VI TROFEO MINI-BTT, MONTES DE CORUXO” O SÁBADO 23 DE MAIO DE 2015. EXPTE. 14033/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 13.05.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e polo secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

### 1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Ciclista de Coruxo con CIF (G-27710730), solicitou o día 15-04-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150044144), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: VI TROFEO MINI BTT MONTES DE CORUXO
- Data: 23 de maio de 2015
- Horario:
  - Inicio e fin evento: 15.00h a 21.00h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenará o sábado 23 de maio de 2015 ás 15.00h e rematará ás 21.00 horas, a proba se deportiva se levará a cabo nas inmediacións do Torreiro de Fragoselo, Coruxo.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.
- Protección civil
- Informe de autorización da Comunidade de Montes Veciñais de Coruxo, con data 12 de marzo de 2015.

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

## 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista de Coruxo con CIF (G-27710730)), a organizar o vindeiro sábado 23 de maio de 2015, o evento deportivo denominado VI TROFEO MINI-BTT MONTES DE CORUXO, o evento se levará a cabo nas inmediacións do Torreiro de Fragoselo en Coruxo de 15.00 a 21.00h.

## Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **8(632).- FIXACIÓN DE PREZO PÚBLICO PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPAMENTO DE VERÁN POLA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA. EXPTE. 17036/332.**

Visto o informe de fiscalización do 13.05.15 e o informe xurídico do 15.05.15, dáse conta do informe-proposta do técnico superior de Educación, do 08.05.14, conformado pola concelleira de Educación e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

O servizo municipal de Educación xestiona o conxunto de escolas municipais de música e artes escénicas, entre as que está a Escola municipal de música de Vigo (EMMV). Dentro das actividades a desenvolver, complementarias ás propias dos diferentes itinerarios formativos que

se contemplan na plan de estudos, figuran aquelas denominadas *Outras actividades*, entre as que se atopan as actividades extraescolares, os cursos específicos e as actividades de divulgación, que se poderán desenvolver tamén fóra do calendario escolar.

A actual empresa adxudicataria da xestión da EMMV (Esmuvigo, SCG), propón ao servizo de Educación a realización dun Campamento musical na última semana do mes de xuño e primeira do mes de xullo, como unha parte importante na programación deste tipo de actividades complementarias. As características básicas da actividade son as seguintes:

**Obxectivos:**

*Ofrecer aos pais/nais unha alternativa para a conciliación da vida laboral e familiar*

*Favorecer a integración e as relacións cos compañeiros/as a través da música*

*Desenvolver a escoita, a voz, a motricidade e a práctica instrumental dos nenos/as participantes*

**Destinatarios:**

*Alumnado con idades comprendidas entre os seis e os once anos*

**Duración e datas posibles:**

*25 horas, de 09,00h a 14,00h da mañá, de luns a venres*

*Do luns 29 de xuño ao venres 3 de xullo de 2015*

**Número e distribución dos participantes:**

*O alumnado estará agrupado por tramos de idade, do seguinte xeito:*

*Grupo de 15 alumnos/as, de 6 a 7 anos*

*Grupo de 15 alumnos/as, de 8 a 9 anos*

*Grupo de 15 alumnos/as, de 10 a 11 anos*

*Para un funcionamento adecuado desta actividade, que se considera de moito interese polo departamento municipal de Educación, precísase a materialización do compromiso de participar (evitando inscricións que logo non se traducen en asistencias, etc) por parte dos potencialmente interesados, polo que, de acordo co indicado por Esmuvigo SCG na súa proposta, sería conveniente o establecemento dun prezo público para a participación nesta actividade.*

*De conformidade co indicado no informe da Intervención Xeral municipal de data 30 de abril de 2015, para o establecemento da proposta de prezo público tivéronse en conta as seguintes circunstancias:*

- ✓ *Na oferta da empresa actualmente adxudicataria do contrato de xestión da Escola municipal de música de Vigo, contéplase a realización deste tipo de actividades, polo que se atopan incluídas no prezo do contrato, que mensualmente se retribúe polo Concello de Vigo mediante o abono das correspondentes facturas.*
- ✓ *A estimación do custo directo da actividade realizouse tendo en conta a asistencia dun máximo de 45 alumnos/as (repartidos en tres grupos de 15), coa participación de 4 profesores (ún por grupo máis ún de apoio), durante 25 horas (5 horas/día). O custo medio total para a empresa por hora de docencia é de 26 euros, polo que o custo total da actividade sería de 2.600 euros.*
- ✓ *De conformidade co indicado nas Ordenanzas 40 e 42 das vixentes "Ordenanzas de tributos e prezos públicos 2015", a proposta para o importe desta actividade sería de 45 euros por participante, coas exencións establecidas no Artigo 3.2 da Ordenanza 40 das*

citadas Ordenanzas fiscais vixentes. Deste xeito, os ingresos máximos que se producirían serían de 2.025 euros.

En base ao exposto, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, e previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

*Aprobar o establecemento dun prezo público para os participantes na actividade denominada "Campamento musical 2015", organizada pola Escola municipal de música de Vigo, de 45 euros por participante, en base ao indicado no derradeiro parágrafo do Artigo 3 da Ordenanza nº 42, e coas exencións establecidas no artigo 3.2 da Ordenanza nº 40, das vixentes Ordenanzas de tributos e prezos públicos 2015 do Concello de Vigo.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(633).- TOMA DE COÑECEMENTO DO PLAN DE CONSERVACIÓN DO ENIL, COMPLEXO DUNA E AREAL DO VAO-BALUARTE. EXPTE. 6062/306.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 19.05.15, conformado pola concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Xuventude, que di o seguinte:

##### I.- Antecedentes de feito.-

1.- O Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou Orde do 22 de agosto de 2013 pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local o Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarde no Concello de Vigo (DOG núm. 165, do venres, 30 de agosto de 2013.

O artigo 2 da citada Orde sinala:

*"Durante o prazo da declaración provisional de Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarde como ENIL e como requisito imprescindible para que se produza a súa declaración definitiva como espazo natural protexido, o Concello de Vigo deberá de achegar á consellería con competencia en materia de conservación da natureza o Plan de conservación deste espazo.*

*O Plan de conservación que se elabore deberá ter en conta as consideracións feitas pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, e a Dirección Xeral de ordenación e Xestións de Recursos Mariños, recollidas na parte expositiva desta orde. Deste xeito, considerarase a normativa anteriormente referida.*

*No caso de que o Concello de Vigo non achegue o Plan de conservación do espazo natural Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarde no prazo sinalado, teráselle por desistido da súa solicitude de declaración, producíndose desde ese momento a extinción dos efectos da declaración provisional do ENIL."*

2.- A concellería de Medio Ambiente encargou á entidade Novocontorno, S.L. a redacción do dito proxecto, que foi redactado polo biólogo desta entidade Francisco Javier García Quinteiro, número de colexiado 17.124-X, e entregado en decembro de 2014.

Tralo análise polos servizos técnicos municipais do Departamento de Medio Ambiente achegouse o documento de Plan de Conservación versión 00.

3.- O documento do Plan de Conservación versión 00 remitiuse, como trámite interno, ós servizos municipais de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Limpeza, Parques e Xardíns, Electromecánicos, Servizos Xerais, Deportes, Seguridade e Patrimonio Histórico, co obxecto de que efectuaran as observacións ou suxestións que consideren convenientes no ámbito das súas competencias.

4.- A técnica de administración xeral, a técnica de medio ambiente e o xefe de desenvolvemento urbanístico, coa conformidade da xerente da XMU, do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo deste Concello, en data do 26 de marzo de 2015, emiten informe sobre a compatibilidade do Plan de conservación co PXOM e que, polo seu amplo análise de forma exhaustiva e sistemática do dito plan en relación co PXOM, merece ser citado na súa totalidade polo que se transcribe a continuación:

“ INFORME

*Con data 13.03.2015, recíbese na oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (doc. 150031229) o oficio, de data 12/03/2015, do Xefe de Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, D. Secundino Otero Faílde, e a Concelleira de Medio Ambiente e Xuventude do Concello de Vigo, D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey, polo que formula consulta a esta oficina sobre a compatibilidade do Plan de conservación do complexo duna e areal do Vao-Baluarte co Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo. Achega para informe o Plan de conservación do complexo duna e areal do Vao-Baluarte en soporte dixital, redactado polo biólogo Javier García Quinteiro.*

*O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (no sucesivo, PXOM) de Vigo foi aprobado definitivamente, de forma parcial, por Orde da Conselleira da CPTOPT da Xunta de Galicia do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008) e a súa normativa foi integramente publicada no BOP o 06.08.2008 (BOP nº 151 - Suplemento). O 13.07.2009 o Conselleiro da CMATI aprobou definitivamente o documento de cumprimento da Orde da CPTOPT do 16.05.2008 sobre aprobación definitiva do PXOM de Vigo (DOG nº 144, do 24.07.2009), publicándose a normativa no BOP nº 175, do 10/09/2009.*

*A Orde do 26 de agosto de 2013 pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local o Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte no concello de Vigo entrou en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG, nº 165; 30 de agosto de 2013).*

**CONTIDO DO PLAN DE CONSERVACIÓN DO COMPLEXO DUNA E AREAL DO VAO-BALUARTE**

*A regulación dos espazos naturais de interese local (no sucesivo, ENIL) recollida na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, foi desenvolvida polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural. O artigo 4 deste decreto recolle a posibilidade que ten a consellería con competencias en materia de conservación da natureza de declarar, de xeito provisional, un ENIL por un prazo non superior a dous anos, debendo presentar dentro deste prazo os promotores, como requisito imprescindible para a declaración do ENIL, o plan de conservación deste espazo.*

*Tal e como establece o artigo 37 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, e o artigo 8 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, os plans de conservación establecerán o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo. E os artigos*

38 da mesma lei e 6 do mesmo decreto, establecen como contido mínimo dos plans de conservación:

- 1) A delimitación do seu ámbito de protección, que poderá ser descontinuo cando resulte necesario.
- 2) A identificación dos valores que hai que protexer e dos posibles riscos que poidan afectar aos seus valores naturais.
- 3) As normas de uso e aproveitamento do solo e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais.
- 4) As normas relativas ao uso público, así como ás actividades científicas ou educativas.

#### O ÁMBITO DO PLAN DE CONSERVACIÓN DO COMPLEXO DUNA E AREAL DO VAO-BALUARTE NO PXOM DE VIGO E INCIDENCIA DA LEXISLACIÓN SECTORIAL

No PXOM de Vigo, o ámbito proposto como ENIL do complexo duna e areal do Vao-Baluarde, sobre o que se redacta o Plan de Conservación que se informa, ten a seguinte clasificación e cualificación de solo:

#### SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ESPECIAL DE COSTAS (SRPC)

*Recorte de Planos da serie 3 (escala 1/5.000) do PXOM. En vermello resáltase o ámbito do Plan de conservación*

Unha parte do ámbito, cunha superficie aproximada de 23.260 m<sup>2</sup> está incluída no SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES, coa clave SX/EL-ZV/B12 denominado XUNQUEIRA DO BAO-HERMIDA, e cuxa ficha xúntase ao presente informe.

Segundo figura nos planos de sistemas xerais do PXOM, e se describe na ficha de dito sistema xeral incluída no PXOM, o elemento ten unha superficie total de 503.000 m<sup>2</sup>, dos que 47.516 m<sup>2</sup> son existentes e 455.485 m<sup>2</sup> son propostos, quedando 446.239 m<sup>2</sup> por obter, ben por expropiación, ou ben mediante a xestión urbanística por inclusión nos sectores S-42-R HERMIDA e S-53-R XUNQUEIRA. Divídese en dous subsistemas: un denominado Hermida, situado entre a Estrada de Camposancos e a Avenida de Ricardo Mella, e outro denominado XUNQUEIRA DO BAO que abrangue case 40 Ha e esténdese ao fronte costeiro incluíndo a práctica totalidade do paseo marítimo do Bao.

*Recorte de Planos de sistemas xerais do PXOM. En verde escuro resáltanse os sistemas obtidos e en verde claro os sistemas por obter*

A parte de sistema xeral incluído no ámbito do Plan de Conservación do complexo dunar e areal do Vao-Baluarde pertence, pois a este subsistema descrito do seguinte xeito no PXOM:

O sistema xeral da Xunqueira do Bao abrangue case 40 Ha de solo rústico de enclave natural, é por tanto que se lle outorga a máxima protección a efectos de valoración ambiental. A súa delimitación esténdese hasta fronte costeiro incluíndo a práctica totalidade do paseo marítimo do areal do Bao.

#### *Dimensión patrimonial:*

Como marisma baixa, A Xunqueira do Bao constitúe un enclave singular de referencia ambiental e paisaxística en todo o termo municipal; trátase dun sistema palustre que engloba regos e regueiros, zonas enchoupadas, xunqueiras, espadaneiras, bosques de ribeira, espacio agrícola e piñeirais. Na súa configuración orixinal estaba conectado coa praia e o sistema dunar do Bao,

*conformando a clásica secuencia praia-cordón dunar-zona palustre; actualmente, esta interacción desapareceu como consecuencia do proceso urbanizador sobre as dunas e parte do humidal.*

*En canto á ordenación detallada deste ámbito o PXOM a remite a un plan de desenvolvemento denominado PLAN ESPECIAL DE REXENERACIÓN AMBIENTAL E ACONDICIONAMENTO DA XUNQUEIRA DO BAO E O AREAL..*

*Este Plan Especial desenvólvese no ámbito definido polo perímetro recolle o Sistema Xeral de Espazos Libres SX/EL-ZV/B12/0 XUNQUEIRA DO BAO.*

#### *Obxectivos*

*Dar cumprimento do obxectivo estratéxico de recuperación ambiental da Xunqueira do Bao como espazo público, sobre valores ecolóxicos e medioambientais.*

#### *Criterios de Ordenación.*

*O Plan Especial establecerá a valoración das accións de rexeneración que en cada parte do humidal precisen e que permitan a súa incorporación como espazo de uso e dominio público.*

*As medidas de acondicionamento para o uso público, haberán de ser coherentes coa dinámica hidráulica e cos valores ambientais que se pretende protexer. Así as labores de recuperación deberán deseñarse e executarse de forma que favoreza a diversidade ecolóxica e a mellora da calidade paisaxística, a recuperación e aumento dos bosque de ribeira, a restauración das zonas húmidas degradadas, e se é posible, a compatibilidade da funcionalidade hidráulica cos usos recreativos. Suxírese o*

*mantemento de parte dos usos agrarios como espazos de formación medioambiental activa.*

*O Plan Especial incorporará os proxectos de musealización da Villa de Toralla así como o específico de rexeneración do Areal do Bao; a estes efectos valoraranse as intervencións no espazo crítico de conexión entre o humidal e o areal e a corrección dos impactos producidos polo trazado da rúa Canido.*

*Procurarase unha acaída integración do vial pertencente ao Sistema Xeral de Comunicacións-Viario de 2ª Categoría que discorre polo límite occidental do humidal, arbitrando as medidas de corrección de posibles impactos que poidan xurdir da súa execución.*

*Realizarase un catálogo propio dos elementos a protexer, e estableceranse as medidas de posta en valor da paisaxe cultural (canles, muros, cómaros, pontes, pontellas, lavadoiros,...).*

*Estableceranse os indicadores dun plan ambiental de seguimento das dinámicas erosivas e sedimentarias no areal, e que haberá de desenvolverse a partires da execución do Plan Especial, o seu obxectivo será avaliala efectividade das medidas propostas.*

*En canto aos valores patrimoniais e culturais incluídos no sistema xeral (e tamén relacionados co ámbito do Plan de Conservación, alúmenos no ámbito de protección do elemento arquitectónico catalogado e na área de respecto dos elementos arqueolóxicos) a ficha do sistema xeral especifica:*

*A pegada antrópica histórica concentrouse na punta rochosa (Punta Toralla) que divide os areais do Serral e o Bao, xa que o resto do sistema xeral presentaba outrora firmes inestables para o asentamento. Neste emprazamento atópanse os restos da Vila Romana de Toralla (X-037, GA 3605737) sobre a finca Mirambell, incluída no Catálogo de Parques e Xardíns (Vilamar ou Finca Mirambell, S-006), configurando un complexo patrimonial singular.*

*A foresta da Hermida aporta un importante valor ambiental como sistema xeral de encaixe entre a coroa de montes e o humidal do Bao.*

*No ámbito do Plan de Conservación existe un elemento catalogado correspondente a un achado arqueolóxico solto denominado no PXOM como biface da praia do Vao (código do xacemento no*

PXOM, ACH-15) e depositado no museo municipal Quiñones de León; asemade, atópase dentro do ámbito de protección do elemento arquitectónico catalogado denominado Capela da Virxe do Carme (clave no PXOM, A\_189), co nivel de protección integral, e dentro da área de respecto do elemento arqueolóxico denominado Vila romana de Toralla / Vilamar / Finca -Mirambel (GA36057037, X\_037 segundo PXOM). Xúntase ao presente informe fichas de catalogación destes elementos incluídas no PXOM de Vigo.

Calquera intervención nestes elementos ou áreas requirirá da autorización autonómica competente en materia de protección do Patrimonio Cultural.

Asemade, no ESTUDO DO MEDIO RURAL E ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL do PXOM inclúense a descrición da área, os impactos significativos e os valores para a conservación relativos á zona de especial interese correspondente ao humidal do Vao, e que se detallan de seguido:

•Descrición da área

É un conxunto de diversas zonas palustres que acolle regos e regueiros, zonas enchoupadas, xunqueiras e espadaneiras, así como bosques de ribeira.

O conxunto do sistema palustre, estaba conectado outrora coa praia e dunas do Vao, constituíndo un sistema coa clásica secuencia praia-cordón dunar-zona palustre, que na actualidade desapareceu como consecuencia do proceso urbanizador sobre as dunas e parte da zona húmida.

O sistema está alimentado por dous cursos de auga: o rego do Vao e o rego da Carballosa, procedentes ámbolos dous dos montes de Coruxo.

No enclave diferéncianse catro zonas atendendo ás comunidades vexetais:

- Vexetación de zonas permanente ou case permanente asolagadas: formación doceacuícola de orixe natural, representada por unha espadaneira.

- Bosques de ribeira: esta comunidade arrodea as ribeiras da xunqueira, agás na zona norte onde os recheos e urbanizacións a fixeron practicamente desaparecer. Na zona S-SE é onde os bosquetes de ribeira están en mellor estado.

- Prados enchoupados: situados nas proximidades da xunqueira, cunha orixe antrópica, constituíndo un diverso pasteiro con gramíneas, carices, ranúnculos e trebos. Arrodeando os prados aparece unha vexetación arbórea de ribeira ademais de abondosos carballos, loureiros, piñeiros e algúns eucaliptos e salgueiros choróns de carácter ornamental.

- Espacio agrario: ten igualmente interese natural e, sobre todo paisaxístico, cumprindo o papel de corredor natural entre a xunqueira e os montes de Coruxo.

Desde o punto de vista faunístico destaca unha rica comunidade de anfibios e reptís, de aves acuáticas, rapaces diúrnas e nocturnas, garzas reais e paseriformes forestais. Sendo o sinal de identidade as aves acuáticas que teñen neste espacio, lugar de acollida e descanso.

•Impactos significativos

- Recheos e urbanizacións: sobre todo na ribeira N, as instalacións do Club de Campo que supuxeron a realización de recheos sobre a espadaneira e na ribeira NW coa urbanización de edificacións.



- Entubado do rego do Vao: no seu paso polos terreos do Club de Campo a estrada de Canido e o areal do Vao, o rego do Vao vai entubado e soterrado.
- Vertidos de lixo: acumulación de restos de cascallos e residuos de xardinería.
- Canalización do tramo final do sistema Rego do Vao: para acometer as obras de saneamento construíronse pistas, canalizando o tramo final do río.
- Vertidos líquidos: obsérvanse vertidos de augas residuais sobre as augas dos regatos que alimentan o humidal.
- Tendido eléctrico: probable incidencia nas comunidades faunísticas da poboación introducida de papagaios.
- Planeamento desaxeitado: o PXOU de 1993 prantexa para a zona un Plan Especial de Protección, pero coa previsión de poder construír 90.000 m<sup>2</sup> de uso residencial. Xa que logo, cumpriría que o presente PXOM modificase a consideración, tanto do réxime xurídico do solo – dende logo, rústico – como dos usos previstos, impedindo a edificación e permitindo so aqueles usos compatibles coa consideración deste espazo como Espacio Natural.

•Valores para a conservación

- Valores faunísticos: é un hábitat estratéxico para as aves acuáticas. Ademais da presenza de aves acuáticas destaca unha rica fauna de anfibios e reptís.
- Valores botánicos: a xunqueira doceacuicola é unha formación cunha dimensión e estado de conservación únicos no concello.
- Valores xeomorfolóxicos: por tratarse dun humidal natural característico dun curso baixo fluvial.
- Valores etnográficos: temos un muíño de auga no ámbito da zona.
- Importancia estratéxica: a súa situación na confluencia dos regos e cun contorno agrario convérteno nun espazo dunha notable diversidade de hábitats.

Ademais fai de corredor natural entre os montes de Coruxo e o humidal.

A capacidade de acollida deste espazo para as aves acuáticas ponse en relación coa proximidade das zonas húmidas situadas no curso baixo do Lagares.

Doutra banda, o ESTUDO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO, do PXOM (en diante, ESAITP) levou a cabo a delimitación do territorio en unidades paisaxísticas atendendo a elementos definitorios da paisaxe como a xeomorfoloxía e o relevo, a exposición, as cuncas visuais, a cuberta vexetal e os usos do solo, á presenza de infraestruturas, o litoral, á presenza de fitos paisaxísticos, ás edificacións, etc. O ámbito do ENIL atópase dentro da unidade de paisaxe nº 18 Humidal do Vao, cuxa valoración deu como resultado una calidade paisaxística alta e unha fragilidade visual media.

No Solo rústico de especial protección de Costas incluída no ámbito do Plan de conservación, pero non incluída polo PXOM no sistema xeral, o réxime de usos será o determinado no artigo 12.5.2. da normativa urbanística do PXOM e no artigo 38 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), debéndose entender autorizables os usos previstos no Plan de Conservación que se informa.

Non obstante deberá terse en conta que a autorización de determinados usos, como son os que implican a utilización do dominio público, ou os que incidan sobre a área de respecto dos elementos patrimoniais catalogados requiren informe ou autorización da administración autonómica ou de costas.

Neste senso indicar que todo o ámbito do Plan atópase en Zona de dominio público marítimo terrestre segundo o deslinde público marítimo terrestre oficial na zona, e, xa que logo, calquera utilización de esa zona require da autorización e concesión da administración estatal de costas

*segundo na lexislación sectorial de costas (Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e Regulamento Xeral de Costas R.D. 876/2014).*

*O artigo 4 do Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, dispón que se considerarán necesarias para garantir a estabilidade da praia e a defensa da costa, as dunas que estean en desenrolo, desprazamento ou evolución debido á acción do mar ou do vento mariño, as dunas primarias e secundarias ata seu borde, entendéndose necesarias para garantir a estabilidade da praia e a defensa da costa as dunas relictas e as dunas estabilizadas, agás nos casos excepcionais previstos no precepto.*

*A respecto do réxime das praias a propia Exposición de Motivos da Lei 2/2013 prevé o establecemento dun réxime diferenciado para os tramos de praia urbanos -contiguos aos solos urbanizados- e para os tramos de praia naturais -contiguos a espazos protexidos ou solo rural-determinando para os tramos de praia naturais a imposición dun nivel de protección alto no que se restrinxan as ocupacións autorizándose unicamente os que sexan indispensables ou estean previstas na normativa aplicable, mentres, o seu artigo 33.6 disciplina que a regulación da ocupación e uso dos tramos urbanos garantirán unha adecuada prestación dos servizos que sexa compatible co uso común.*

*En desenvolvemento do anterior, o artigo 59 Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro, establece que a ordenación territorial e urbanística sobre terreos incluídos nunha zona, cunha anchura se determinará nos instrumentos correspondentes e que será como mínimo de 500 metros a partires do límite interior da ribeira do mar, respectará as esixencias de protección do dominio público marítimo-terrestre e, nos tramos de praia e con acceso a tráfico rodado, se preverán reservas de solo para aparcamentos de vehículos en cuantía suficiente para garantir o estacionamento fora da zona de servidume de tránsito. A catalogación dos tramos naturais e urbanos das praias establecerase pola Administración competente en materia de ordenación do territorio, debendo atender ao carácter urbanizado ou rural dos terreos contiguos dos tramos e ao seu grado de protección medioambiental.*

*Polo demais o réxime de utilización das praias regúlase nos artigos 65 e seguintes do dito Real Decreto 876/2014, debendo atender tamén o disposto no Capítulo II do Título V do Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, documento no que categorízanse as praia do Baluarte e o Vao como praias periurbanas.*

#### **O ÁMBITO DO PLAN DE CONSERVACIÓN DO COMPLEXO DUNA E AREAL DO VAO-BALUARTE NO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL DE GALICIA**

*Este ENIL atópase dentro do ámbito de ordenación do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (en diante, POL), aprobado definitivamente o 10 de febreiro de 2011 mediante Decreto 20/2011 da Xunta de Galicia, practicamente na súa totalidade, en área de protección costeira que son aquelas que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, incluíndo significativos valores ambientais que deben ser obxecto de conservación.*

*Engloba espazos de elevado valor natural e ambiental así como paisaxístico, en concreto as xeofomas rochosas (acantilados, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas. Do mesmo modo inclúense nesta categoría os espazos afectados polas dinámicas litorais.*

*O artigo 33 da normativa do POL establece os principios comúns a todos a todas as áreas:*  
*a. Valorizar os elementos de carácter natural e cultural, promovendo a súa rexeneración e rehabilitación.*

- b. Divulgar o coñecemento, facendo especial fincapé na identificación dos seus trazos definitorios naturais ou culturais, prestando especial atención aos espazos de interese identificados.*
- c. Proporcionar conectividade ao territorio, preservando a funcionalidade dos ecosistemas e evitando a súa fragmentación.*
- d. Preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural.*
- e. Contribuír á diversidade e riqueza paisaxística, integrando os usos e actividades que sobre o territorio se implanten.*
- f. Evitar a alteración substancial dos ecosistemas así como a súa ocupación con especies alóctonas.*

*Ademais dos principios xa enunciados con carácter xeral, comúns en todo o ámbito deste POL, en cada elemento do modelo deberán observarse especificamente os establecidos nos artigos seguintes. Para a protección costeira son as seguintes:*

- a. Definir unha superficie continua ao longo de toda a costa para salvagardar aqueles valores identitarios e característicos dende o punto de vista xeomorfolóxico, ecolóxico e paisaxístico.*
- b. Mellorar a calidade do contorno e os areais dos sistemas praia-duna.*
- c. Adoptar medidas para a preservación destas áreas da implantación de instalacións e edificacións.*
- d. Fomentar os estudos sobre os procesos erosivos e de regresión costeira, froito dos efectos do cambio climático e a previsible elevación do nivel do mar.*

*En relación á regulación de usos específica para as áreas de protección costeira e, tal e como establece o artigo 54, sen prexuízo do debido cumprimento do establecido no Título V. Normas Complementarias, Capítulo II. As praias e o seu contorno, sempre e cando non entren en contradición atenderase ao seguinte.*

- 1. Consideraranse permitidos os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1B1, 1B2, 1C, 1F, 1H, 1J, 3A, 3B e 3D.*
- 2. Consideraranse compatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A1, 1I, 2E2, 2F, 2G1a, 2I, 2J1, 2J2, 2L1, 2M, 2N, 2Ñ, 2O, 2Q, 2R e 3C.*
- 3. Consideraranse incompatibles os usos relacionados no artigo 46, epígrafes 1A2, 1D, 1E, 1G, 2A1, 2A2, 2A3, 2B, 2C, 2D, 2E1, 2G1b, 2G2, 2G3, 2H, 2K, 2L2 e 2P.*

*O POL, ademais, delimita o ámbito territorial en unidades de paisaxe litorais co obxecto de caracterizalas e que a paisaxe se converta nunha auténtica ferramenta para a planificación. Neste eido, o ámbito do ENIL atópase dentro da unidade de paisaxe denominada Canido, cuxa ficha xúntase ao presente informe, na que se recollen a caracterización e avaliación da mesma.*

## CONCLUSIÓNS

*Como resumo do anterior informe que versa principalmente sobre a relación do Plan de conservación do complexo duna e areal do Vao-Baluarto co PXOM de Vigo, e a modo de conclusións e de suxestións construtivas na súa redacción definitiva, fórmulanse as seguintes:*

*1º O ámbito proposto como ENIL (espazo natural de interese local) do complexo duna e areal do Vao-Baluarto, sobre o que se redacta o Plan de Conservación que se informa, ten a seguinte clasificación e cualificación de solo: SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ESPECIAL DE COSTAS (SRPC) e, unha parte do ámbito, cunha superficie aproximada de 23.260 m<sup>2</sup> está incluída no SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES, coa clave SX/EL-ZV/B12 denominado XUNQUEIRA DO BAO-HERMIDA.*

2º/ En xeral a zonificación, os usos e medidas previstas no Plan de Conservación do complexo duna e areal do Vao-Baluarto poden entenderse compatibles coas previsións do PXOM de Vigo, que considera gran parte do seu ámbito como un Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, dentro do Solo rústico de especial protección de costas.

3º/ A inclusión deste elemento do sistema xeral nun ámbito maior que inclúe tanto o areal e o complexo dunar como a marisma e xunqueira do Vao, a ordenar mediante un "PLAN ESPECIAL DE REXENERACIÓN AMBIENTAL E ACONDICIONAMENTO DA XUNQUEIRA DO BAO E O AREAL", permitiría incorporar todas as medidas de protección que se establecen neste Plan de Conservación a aquel Plan Especial, de índole urbanística e de ámbito maior, coordinando o humidal coas praias, para recuperar a clásica secuencia praia-cordón dunar-zona palustre.

Neste eido, e considerando que uns elementos fundamentais nun modelo territorial sostible que deberan orientar a planificación son a conectividade, permeabilidade e desfragmentación, é importante proporcionar continuidade ao territorio preservando a funcionalidade dos ecosistemas e evitando a súa fragmentación.

4º/ O Plan de Conservación, cuxas normas prevalecerán sobre as contidas no planeamento urbanístico, segundo determina o artigo 39 da lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, e así o recorda o artigo 4.1. do propio Plan, non debería, sen embargo obviar o cumprimento doutras normativas sectoriais como a de protección do Patrimonio Cultural, en canto aos elementos catalogados e as súas áreas de respecto e protección, ou a lexislación sectorial de costas, cando todo o ámbito atópase na zona de dominio público marítimo terrestre.

No ámbito do Plan de Conservación existe un elemento catalogado correspondente a un achado arqueolóxico solto denominado no PXOM como biface da praia do Vao (código do xacemento no PXOM, ACH-15) e depositado no museo municipal Quiñones de León; asemade, atópase dentro do ámbito de protección do elemento arquitectónico catalogado denominado Capela da Virxe do Carme (clave no PXOM, A\_189), co nivel de protección integral, e dentro da área de respecto do elemento arqueolóxico denominado Vila romana de Toralla / Vilamar / Finca -Mirambel (GA36057037, X\_037 segundo PXOM).

Calquera intervención nestes elementos ou áreas requirirá da autorización autonómica competente en materia de protección do Patrimonio Cultural.

No eido lexislacións sectorial de costas, deberá terse en conta que todo o ámbito do Plan atópase en Zona de dominio público marítimo terrestre segundo o deslinde público marítimo terrestre oficial na zona, e, xa que logo, calquera utilización de esa zona require da autorización e concesión da administración estatal de costas segundo na lexislación sectorial de costas.

5º/ A paisaxe debe supoñer unha verdadeira ferramenta para a planificación co obxecto de protexer os elementos máis singulares e representativos que conforman o escenario costeiro, incluíndo os significativos valores ambientais que deben ser obxecto de conservación.

6º/ No que respecta a súa relación co planeamento, tratarase dun plan vinculante tanto para as Administracións Públicas como para os particulares e prevalecerá sobre aquel polo que a súa aprobación conlevará a revisión dos plans territoriais e sectoriais incompatibles, de ser o caso, co plan de conservación.

En resumo, a conclusión principal que debe extraerse deste informe é que o "Plan de conservación do complexo duna e areal do Vao-Baluarto", redactado a iniciativa da Concellería de Medio Ambiente é un instrumento eficaz para elevar o grao de protección e garantir a correcta evolución da preservación do complexo dunar. As determinacións propostas neste Plan de conservación son compatibles coas determinacións do PXOM, que incluso propón que a protección se complete e

*estenda a un ámbito maior ao ámbito do humidal do Vao co que está relacionado o areal, para recuperar a conexión entre a praia-cordón dunar e a zona palustre, o que debería ser considerado no futuro.*

5.- O xefe do Servizo Municipal de Limpeza no seu informe de data 19 de marzo de 2015, propón a modificación de apartados no artigo 18.3. e 18.8. do Plan respecto á limpeza da zona de uso moderado e especial e, tamén, a limpeza das algas na época estival.

6.- A xefa da unidade de Patrimonio Histórico en data do 04 de abril de 2015, indica que dende o punto de vista do patrimonio histórico non existe inconveniente respecto do contido do plan.

7.- O xefe de Montes, Parques e Xardíns e o enxeñeiro de montes emiten informe en data do 28 de abril de 2015, no que indican que as zonas que actualmente conserva o servizo de Montes, Parques e Xardíns atópanse dentro das denominadas zonas de uso especial e zona de protección condicionada e que os usos previstos en ámbalas dúas zonas non impiden o axeitado mantemento destas e non entran en contradición coas obrigas contempladas no prego que rexe o seu mantemento e conservación.

8.- Os restantes servizos municipais consultados non emitiron ningunha observación nin subxestión.

9.- Trasladadas as ditas observacións dos servizos municipais ó técnico redactor, emitiu escritos dando contestación a estas e, na súa virtude, a modificación de determinados apartados dos artigos 18.3., 18.8., 20 e 21. Achega un documento definitivo do plan de conservación do ENIL de data maio de 2015.

## II.- Necesidade do plan de conservación

A Lei galega 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza (LCN) ten por obxecto establecer as normas encamiñadas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais e a axeitada xestión dos espazos naturais e da flora e fauna silvestres, ademais da xea da comunidade autónoma galega, a difusión dos seus valores, así como a súa preservación para xeracións futuras.

Dita lei define como espazos naturais protexidos aqueles espazos que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza como derivados da actividade humana, e que fosen declarados como tales.

A figura do Espazo natural de interese local, (ENIL no sucesivo) é unha das categorías nas que se clasifican os espazos naturais protexidos.

O artigo 17 da LCN determina que, por petición do Concello e logo dos informes perceptivos pertinentes, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá declarar como ENIL aqueles espazos integrados no seu termo municipal que, polas súas singularidades, sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

A regulación dos espazos naturais de interese local foi desenvolvida polo Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura do ENIL e a figura do Espazo privado de interese natural.

O artigo 4 deste decreto recolle a posibilidade que ten a consellería con competencia na materia de conservación da natureza de declarar, de xeito provisional, un ENIL por un prazo non superior

a 2 anos, debendo de presentar dentro deste prazo os promotores, como requisito imprescindible para a declaración do ENIL, o plan de conservación do espazo.

O Concello de Vigo en virtude da necesidade de elevar o grao de protección que garanta a correcta evolución e preservación do Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte propuxo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e *Infraestruturas* a súa declaración como ENIL.

Tras a avaliación da memoria do espazo e logo dos informes preceptivos, o director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e *Infraestruturas* ditou Resolución de 17 de outubro de 2012, pola que sometía a información pública a proposta de declaración de Espazo de interese local a zona denominada Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte (DOG nº 210, do luns, 5/11/2012).

Logo do período de información pública e trala avaliación polos servizos técnicos correspondentes, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e *Infraestruturas* ditou a Orde de 26 de agosto de 2013 pola que se declara, de xeito provisional, como Espazo natural de interese local ao Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte (DOG nº 165 do venres 30/08/2013); debendo o Concello de Vigo presentar o documento de plan de conservación no prazo de dous anos.

### III.- Análise do contido do Plan de Conservación

O artigo 37 da citada Lei 9/2001, do 21 de agosto, e o artigo 8 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, que a desenvolve, sinalan que os plans de conservación establecerán o réxime de usos e actividades permisibles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación do espazo. E os artigos 38 e 6, respectivamente, de ditas normas, establecen como contido mínimo dos plans de conservación:

- 1) A delimitación do seu ámbito de protección, que poderá ser descontínuo cando resulte necesario.
- 2) A identificación dos valores que hai que protexer e dos posibles riscos que poidan afectar aos seus valores naturais.
- 3) As normas de uso e aproveitamento do solo e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais.
- 4) As normas relativas ao uso público, así como ás actividades científicas ou educativas.

#### III.1.- Delimitación do ámbito de protección:

O plan de conservación recolle no seu artigo 3 o ámbito territorial do Plan de conservación, coincidente coa declaración provisional do ENIL pola citada Orde do 26 de agosto de 2013.

O espazo conta cunha lonxitude lineal ao carón da beira do mar de 780 metros, comprendendo os areas do Vao, Baluarte e Punta Elena.

Conta cunha superficie total de 114.024 m<sup>2</sup>. Distribuídos como segue:

ZONA DE USO ESPECIAL - 9.240 m<sup>2</sup>

ZONA DE USO MODERADO - 64.761 m<sup>2</sup>

ZONA DE PROTECCIÓN CONDICIONADA - 25.048 m<sup>2</sup>

ZONA DE PROTECCIÓN COMPLETA – 14.975 m<sup>2</sup>.

O plan incorpora os planos onde se reflicte a delimitación do seu ámbito.

### III.2.- A identificación dos valores que hai que protexer e dos posibles riscos que poidan afectar aos seus valores naturais.

O título II do Plan (artigos 7 a 9) identifica os valores que hai que protexer no ENIL e que motivaron a súa declaración e identifica os posibles riscos que poden afectar a estes, para despois propoñer as concretas medidas de xestión, conservación e ordenación de usos.

Neste sentido sinala como valores a protexer: os hábitats dunares, cantil con vexetación das costas atlánticas e bálticas, describíndose no Plan a vexetación e fauna existentes no espazo dunar.

Os citados hábitats existentes no ENIL están incluídos no anexo I da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade como “hábitats naturais de interese comunitario cuxa conservación require a designación de zonas de especial conservación”.

Teñen presenza, tamén, no ENIL 25 especies de aves, 1 mamífero (*Pipistrellus pipistrellus*, Morcego común) e 1 molusco (*Nucella lapillus*, Corniño) incluídos no Rd 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento do listado de especies silvestres de protección especial e do catálogo español de especies ameazadas.

Tamén, está presente no ENIL 1 ave (*Phalacrocorax aristotis*, Cormorán cristado) catalogada como especie vulnerable no Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o catálogo galego de especies ameazadas.

O anexo II do Plan de Conservación relaciona a totalidade de especies detectadas con presentes no ENIL, estean catalogadas ou non nas normas citadas. Así resultan as seguintes:

-129 clases de flora, 5 clases de briófitos (musgos,...), 7 clases de algas, 4 clases de fungos, 6 clases de líques.

-1 reptil, 45 clases de aves, 2 mamíferos, 29 clases de invertebrados.

O artigo 7.2. sinala os posibles riscos que poden afectar os valores naturais en relación cos recursos edáficos, flora e fungos, fauna, recursos hídricos e recursos paisaxísticos.

III.3.- As normas de uso e aproveitamento do solo e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais.

O título III do Plan de conservación (artigos 10 a 17) recolle as medidas de xestión para a conservación do espazo. Establécense directrices xerais de xestión e conservación do espazo, indicando uns obxectivos, en relación cos recursos naturais: edáficos e xeolóxicos, hidrolóxicos, flora fauna e fungos, paisaxísticos; co uso público; coas infraestruturas, equipamentos e instalacións, coas actividades científicas; coas actividades educativas e divulgativas, e establece unhas liñas xerais de traballo.

O título IV do Plan (artigo 18) establece o desenvolvemento da xestión do espazo en función das directrices establecidas. Así, establece actuacións en relación coas especies exóticas invasoras, alóctonas, autóctonas, limpeza do espazo, peche da zona de protección completa, mobiliario para uso público, hábitats presentes no espazo, estudos sobre flora, fauna e fungos, depósito de algas, uso público e conservación de valores, difusión de valores do espazo, documentación de actividades.

#### III.4.- As normas relativas ao uso público, así como ás actividades científicas ou educativas.

O título V (artigo 19) establece unha zonificación do espazo regulando os seus usos. Neste sentido, zonifica o espazo en tres zonas determinadas: zona de uso especial, zona de uso moderado, zona de protección que se subdivide en zona de protección condicionada e zona de protección completa.

Nas distintas zonas establécense os usos permitidos, autorizables e non permitidos tendo en consideración a lexislación sectorial de aplicación e os valores a protexer no espazo. Neste sentido, existe unha zona de máxima protección -zona de protección completa- que se corresponde coa zona dunar que está balada e merece a máxima protección; zona de protección condicionada na que se restrinxen determinados usos pola súa proximidade ó espazo dunar; zona de uso moderado que corresponde propiamente o areal para disfrute do uso libre dos cidadáns sen menoscabar os valores naturais e a zona de uso especial na que se sitúan aqueles equipamentos e infraestruturas que dan servizo o uso público da praia.

O Título VI do plan (artigos 20 a 22) recolle o cumprimento da normativa sectorial de aplicación no ámbito así como o réxime de infracción e sancións por remisión á citada normativa.

#### III.5.- Respecto do informe dos servizos técnicos e xurídicos do Departamento de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O informe cítase integramente nos antecedentes de feito, sinalando que o ámbito do ENIL sitúase en Solo Rústico de Protección Especial de Costas (SRPC) e unha parte, ademais, no sistema xeral de espazos libres e zonas verdes denominado Xunqueira do Bao-Hermida.

Tal e como se indica neste informe o Plan de conservación do ENIL e, en xeral, a zonificación, usos e medidas previstas son compatibles coas previsións do PXOM de Vigo.

O feito de que o ámbito do ENIL se inclúa nun ámbito urbanístico superior a desenvolver no Plan especial de rexeneración e acondicionamento da Xunqueira do Vao e o areal permitiría incorporar as medida do plan de conservación ao Plan especial.

O ámbito do ENIL sitúase na zona de dominio público marítimo terrestre e, neste sentido, tal e como recolle o artigo 4.3. do Plan, a declaración do ENIL non implica a cesión das facultades demaniais da administración do Estado e o plan axústase ás determinacións da lexislación sectorial de costas preservando os valores naturais do espazo polo que se declara ENIL.

Os artigos 20 e 21 do Plan de conservación establecen, en todo caso, a necesita de cumprir coa normativa sectorial de aplicación e que non se autorizará ningún uso pola Administración municipal sen que, previamente, se dispoña das correspondentes autorizacións/concesións esixidas pola lexislación sectorial de costas, patrimonio histórico ou calquera outra que resulte de aplicación, polo que non se menoscaba ningún competencia doutra administración pública.

#### III.6.- Respecto ó informe dos Servizo municipal de Limpeza.

Modificouse o establecido en determinados apartados do artigo 18.3 e 18.8 no referido á limpeza da zona de uso moderado no período estival procurando unha maior grao de limpeza do espazo neste período para compatibilizar o uso público do espazo sen menoscabar os valores a protexer.



### III.7.- Respecto dos informes dos Servizos municipais de Parques e Xardíns e Patrimonio Histórico.

Non formularon ningún observación ó contido do Plan de conservación, indicando que non se observa ningún incompatibilidade no seu contido respecto as competencias dos referidos departamentos.

### III.-8.- Respecto das consideracións feitas pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a Dirección xeral de Ordenación e Xestión de Recursos Mariños que si cita na Orde do 26 de agosto de 2013 de declaración provisional do ENIL.

Como xa se indicou polos servizos da Xerencia Municipal de Urbanismo o contido do Plan de Conservación é compatible das determinación do PXOM e, por tanto, coas determinacións do solo rústico de protección de costas no que se clasifica este solo. Respéctase, tamén, as determinacións do Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL) como cita o informe da Xerencia de Urbanismo.

Respecto da actividade marisqueira, a zonificación proposta así como as medidas de xestión do espazo, acomódase á lexislación urbanística e a de costas, non menoscaba a actividade pesqueira ou marisqueira da zonas inmediatas tal e como se recolle no artigo 4.3.2. do citado plan.

### III.9.- Xestión do espazo

O Concello de Vigo, a través dos distintos servizos con competencias no ámbito (Parques e Xardíns, Limpeza, Electromecánicos, Medio Ambiente, Urbanismo...), xa veñen xestionando o espazo atendendo a preservación dos valores naturais presentes neste, sendo a aprobación do plan e, por tanto, coa atribución o seu contido de valor normativo, o documento que garanta a máxima protección deste espazo.

## IV.- Análise xurídico

Tal e como se sinalou con anterioridade, a Lei galega 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza (LCN) establece no seu artigo 17 que, por petición do Concello e logo dos informes perceptivos pertinentes, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas poderá declarar como ENIL aqueles espazos integrados no seu termo municipal que, polas súas singularidades, sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais.

O Decreto 124/2005, do 6 de maio, que desenvolve aquela lei no que se refire á figura do ENIL e a figura do Espazo privado de interese natural, sinala no seu artigo 4 a posibilidade que ten a consellería con competencia na materia de conservación da natureza de declarar, de xeito provisional, un ENIL por un prazo non superior a 2 anos, debendo de presentar dentro deste prazo os promotores, como requisito imprescindible para a declaración do ENIL, o plan de conservación do espazo.

O Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ditou a Orde de 26 de agosto de 2013 pola que se declara, de xeito provisional, como Espazo natural de interese local ao Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte (DOG nº 165 do venres 30/08/2013); debendo o Concello de Vigo, por tanto, presentar o documento do plan de conservación no prazo de dous anos polo que se xustifica a necesidade da súa redacción.

O contido do Plan de conservación do ENIL axústase ó establecido nos artigos 37, 38 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, e ós artigos 6 e 8 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, que a desenvolve e ao establecido na Orde do 26 de agosto de 2013 da CMATI de declaración provisional do ENIL.

Constan informes, tamén, dos servizos municipais do seu axuste co PXOM vixente, POL, patrimonio cultural e actividades de mantemento e limpeza que se realizan polos distintos servizos no ámbito.

As determinacións do Plan acomódanse as normativas sectoriais de aplicación como sinala neste informe en, especial, do disposto na lexislación urbanística, de costas, do patrimonio cultural e de protección da natureza.

O interese público municipal na declaración do ENIL ven motivada pola necesidade de protección dos valores naturais, presenza de hábitas de interese natural e de especies asociadas a este. A actuación municipal en canto a promotor do ENIL atopa o seu amparo competencial, ademais de que podería terse incardinado no 25.2.b) "Medio Ambiente Urbano" da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local xa que o ámbito do dominio público marítimo terrestre no que se sitúa o ENIL limita con zonas eminentemente urbanas; directamente no artigo 17 da Lei galega 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza que faculta ós concellos a pedir a declaración de ENIL así como a responsabilidade e competencia na xestión deste espazo.

Neste sentido, cómpre indicar que, aínda que a competencia municipal non se considere incardinada no actual artigo 25.2.b) da LRBRL, non supón que queden sen efecto as atribucións competencias efectuadas por normas con rango de lei polo Estado ou as CC.AA nas materias que xa non se recollen no artigo 25.2 (ou que no seu momento non se recollían e agora tampouco), senón que se eliminou o seu carácter básico no que se refire a garantía da autonomía municipal respecto desa materia, estando a lexislación sectorial que atribuíu as competencias de que se trate (no caso que nos ocupa, o artigo 17 da Lei galega 9/2001, de 21 de agosto) plenamente vixente, con independencia de que agora o lexislador estatal ou autonómico podería derrogar as competencias outorgadas no seu momento (competencias incluídas nas materias do artigo 25.2 ou das materias non incluídas na nova redacción) sen afectar a autonomía municipal na materia de que se trate por canto, a día de hoxe, e segundo o lexislador básico estatal (artigo 149.1.18 CE) non forman parte do núcleo básico da autonomía local.

Este é o criterio seguido pola Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que mantén as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei 27/2013 segundo o indicado na súa Disposición adicional primeira e, tamén, que os concellos sigan prestando servizos xa establecidos que non se entenderan como o exercicio de novas competencias segundo o artigo 3.3.a) da citada norma.

En todo caso, a obriga municipal respecto do Plan de conservación do ENIL é a súa presentación perante a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas: Dirección Xeral de Conservación da Natureza (artigo 4º do D. 124/2005, do 6 de maio), correspondendo á dita consellería a súa tramitación, información pública e obtención dos informes que sexan preceptivos para a súa aprobación conforme a lexislación sectorial de aplicación para a súa posterior elevación ó Consello da Xunta de Galicia para a súa aprobación mediante decreto (artigo 40 da LCN).

A declaración definitiva do ENIL Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarto efectuarase por Orde da CMATI (artigo 4º.1. do D. 124/2005, do 6 de maio).

O Plan de Conservación, cuxas normas prevalecerán sobre as contidas no planeamento urbanístico, segundo determina o artigo 39 da lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza,

É competente para ditar resolución a Xunta de Goberno Local ó abeiro do establecido no artigo 127 da LRBRL.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- TOMAR COÑECEMENTO da redacción do Plan de Conservación do Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte do Concello de Vigo, redactado polo biólogo da entidade Novocontorno,SL, Francisco Javier García Quinteiro, número de Colexiado 17.124-X, na súa última redacción de maio de 2015, de conformidade co establecido na parte expositiva deste acordo.

Segundo.- Remitilo referido Plan de Conservación do Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte do Concello de Vigo á Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia: Dirección xeral de Conservación en cumprimento do establecido no artigo 2 da Orde da dita consellería de data 26 de agosto de 2013, pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local o Complexo Duna e Areal do Vao-Baluarte no concello de Vigo; instando a súa tramitación e aprobación así como a declaración definitiva do dito ENIL.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(635).- AXUDAS EXTRAORDINARIAS FONDO DE ACCIÓN SOCIAL. EXPTE. 26611/220.**

Visto o informe de fiscalización do 13.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 11.05.15, conformado polo concelleiro delegado de Xestión municipal, que di o seguinte:

*Con data 06/05/2015, a Comisión Xestora do Fondo de Acción Social, remitiu a este Servizo de Recursos Humanos acordo adoptado pola mesma en sesión do 24/03/2015, relativo á concesión de axudas especiais aos seguintes empregados municipais tal como se reflicte en dita acta por un importe de 8.510,00 € :*

NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
CHOREN PUGA, ALBA	36142373	79383	1.650,00 €
COSTAS LORENZO, TAMARA	36094555	21835	546,00 €
EXPOSITO OLALLA, LIDIA	36112727	21634	233,00 €
FARO CHAMADOIRA, ANGELES	36036153	14835	2.473,00 €
OCAMPO CARRACELAS, VANESA	36001378	12606	900,00 €
PEREZ EIROA, CONCEPCION	36045806	22361	638,00 €
RODRIGUEZ REY, ENRIQUE	36095799	23567	2.070,00 €
TOTAL			8.510,00 €

*e denegar a solicitada por D<sup>a</sup> Sara Fernández Carpintero, por ser unha axuda socio-sanitaria.*

## FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- *Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015.*

II.- *Artigos 29, 30 e 31 do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo.*

III.- *Bases de Execución do Orzamento Municipal do Concello de Vigo para o exercicio económico 2015 -prorrogado-.*

IV.- *Artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais. Imputación do gasto: clasificación económica 22101620400-Fondo Social dos orzamentos municipais (prorrogado) para o ano 2015.*

V.- *O Regulamento rector do Fondo de Acción Social (FAS), que se incorpora ao presente expediente, establece no seu artigo 5 as funcións e competencias da Comisión Xestora do Fondo de Acción Social (CXFAS) preceptuando que corresponde á mesma:*

1.- *Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das bases reguladoras das convocatorias ordinarias e extraordinarias do Fondo de Acción Social, achégase certificación da Xunta de Goberno Local de data 16/04/2013, de aprobación de ditas bases rectorasl.*

2.- *Elaboración e proposta de aprobación ao órgano competente das convocatorias concretas, de carácter ordinario ou extraordinario, susceptibles de ser aprobadas dentro de cada exercicio orzamentario.*

3.- *Recepción, estudo e avaliación das solicitudes de axudas presentadas, con formulación da proposta de outorgamento individualizado ao órgano municipal competente.*

4.- *Arquivo e custodia da documentación presentada polos solicitantes na sede física correspondente, garantindo a posta a disposición da mesma aos órganos responsables da fiscalización e control orzamentario e contable, así como da Corporación Municipal e do persoal municipal, ostentando a titularidade dos ficheiros de datos sometidos á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, e normativa de concordante aplicación.*

5.- *Elaboración de memoria anual relativa á actividade da propia Comisión e á xestión administrativa e orzamentaria do Fondo de Acción Social (FAS) aos efectos de dar conta do mesmo ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal, garantindo a súa difusión entre o persoal municipal.*

6.- *Elevación ao órgano municipal competente para a xestión do persoal municipal de propostas de mellora, reordenación ou reorganización dos diferentes programas e actuacións contidos no presente regulamente, dirixidas á mellora das condicións sociais dos efectivos públicos municipais.*

7.- *Planificación, calendarización e desenvolvemento efectivo das actuacións necesarias para a execución dos programas do FAS, coa obriga de manter permanentemente informados de tal extremo ao órgano municipal competente e ao persoal municipal.*

8.- *En xeral, calquera outra función que se precise para un mellor cumprimento dos obxectivos relacionados coa xestión do Fondo de Acción Social (FAS) tendentes á mellora das condicións sociais do persoal municipal.*

VI.- Artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime de atribución competencial da Xunta de Goberno Local.

En consecuencia, e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita nos termos do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar as axudas especiais propostas pola Comisión Xestora do Fondo de Acción Social do Concello de Vigo en acordo de 24/03/2015 que teñen carácter de mellora da prestación da seguridade social, por un importe total de 8.510,00 € (OCHO MIL QUINIENTOS DIEZ EUROS), acordando en consecuencia que se proceda ao pagamento con cargo á clasificación orzamentaria 22101620400-Fondo Social aos seguintes empregados públicos municipais que se indica co importe que se especifica:

NOME	DNI	Nº Persoal	Euros
CHOREN PUGA, ALBA	36142373	79383	1.650,00 €
COSTAS LORENZO, TAMARA	36094555	21835	546,00 €
EXPOSITO OLALLA, LIDIA	36112727	21634	233,00 €
FARO CHAMADOIRA, ANGELES	36036153	14835	2.473,00 €
OCAMPO CARRACELAS, VANESA	36001378	12606	900,00 €
PEREZ EIROA, CONCEPCION	36045806	22361	638,00 €
RODRIGUEZ REY, ENRIQUE	36095799	23567	2.070,00 €
TOTAL			8.510,00 €

Segundo.- Denegar a solicitude de D<sup>a</sup> Sara Fernández Carpintero por ser unha axuda socio-sanitaria.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(636).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A D. EUGENIO FALQUE FONTÁN, ADSCRITO AO PARQUE MÓBIL. EXPTE. 10940/445.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de formación e avaliación de Recursos Humanos, do 5.05.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*A vista da solicitude do Xefe da Area de Fomento de data 14 de xaneiro de 2015, no que se solicita a realización de encomenda da realización das funcións de Capataz do Parque mobil a D Eugenio Falque Fontan, (NP 80495), oficial de oficios adscrito ao posto de Xestor de acopios e custos e a instrucción de servizo de data 6/6/2014 do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal para pola que se ordea que polo Servizo de Recursos Humanos sexan realizados os trámites administrativos necesarios para a realización da encomenda solicitada. Dado que o empregado citado non dispon da titulación requerida para os postos encadrados no subgrupo C1 e que no ano 2014 a este mesmo empregado encomendaronelle as funcións de xefe de equipo, desenvolvendo as mesmas con total satisfacción, resólvese realizar a encomenda das funcións do posto de xefe de equipo.*

*Expídese por parte da Intervención Xeral documento contable Rc num 35783 por importe de 4095.63 euros, coa finalidade de reservar o crédito necesario para o inicio da tramitación administrativa do expediente de referencia.*

*Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións así como o recollido nas vixentes Instrucións de Plantilla en canto ao aboamento de complemento de produtividade pola actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado”*

*No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e delegación efectuada en Decreto de Alcaldía de 29 de xullo de 2014 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, ao Concelleiro Delegado da Area de Xestión Municipal, PROPONSE:*

*“Primeiro.- Encomendar provisionalmente ao funcionario D Eugenio Falque Fontan, (NP 80495), oficial de oficios adscrito ao Parque Mobil, as funcións correspondentes ao posto de Xefe de equipo, con carácter transitorio mentras non sexa cuberta a mesma polos procedementos legalmente establecidos.*

*Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez ata que se proceda á cobertura do posto e en todo caso ata 31 de decembro do 2015, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo Na solicitude de aboamento deberá relacionarse de xeito exhaustivo as tarefas levadas a cabo no periodo obxecto de aboamento e deberá acompañarse de listado de control de presenza no que se contemple a maior adicación horaria resultante da realización das tarefas encomendas amais das correspondentes ao posto ao que se este*

*adscrito. Dito exceso de xornada non será compensable con descansos, compensacion ou redución de xornada nin aboable*

*Terceiro.- Da presente resolución, con efectos de data 15/01/2015, dese traslado ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Planificación e Organización, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.*

*Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Con data 14.05.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

### **12(637).- PROPOSTA DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE AO PERSOAL DO REXISTRO DA XMU. EXPTE. 8095/407.**

Visto o informe do xefe dos Servizos Centrais, do 10.03.15, e o informe de fiscalización do 16.04.15, dáse conta da proposta da xerente municipal de Urbanismo, do 10.03.15, conformado pola vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O Delegado de Urbanismo e Vivenda, con data 13 de maio de 2011, resolveu:

*“Primeiro.- Encomendar a D<sup>a</sup> María Josefa De Castro Mosquera (administrativo), a D<sup>a</sup> María Luisa León Rodríguez (administrativo) e a D<sup>a</sup> Carmen Salgado López (auxiliar administrativo), todas elas adscritas á sección de “Rexistro e Control” desta Xerencia Municipal de Urbanismo, as funcións de calificación e clasificación das solicitudes de licenzas sometidas ó rexime de comunicación previa.*

*Segundo.- Propoñer a concesión dun complemento de produtividade de 147,37 € ó mes, con efectos do día 2 de febreiro de 2011, ás citadas funcionarias, en tanto se desenvolvan ás funcións anteditas e constatando a prestación real efectiva.”*

A Xunta de Goberno Local, en sesións de datas 2 de febreiro de 2012, 21 de decembro de 2012 e 21 de marzo de 2014, acordou outorgar ás citadas funcionarias un complemento de produtividade que cubriron 34 meses (desde 2 de febreiro de 2011 ata 2 de decembro de 2013), a razón dos citados 147,37 €/mes, coas correccións á baixa derivadas dos tempos de baixa deste persoal.

Con data 4 de marzo de 2015, a xefa da Área Técnica informa:

1º.- Que desde a encomenda do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de 2011, María D<sup>a</sup> Josefa De Castro Mosquera, D<sup>a</sup> María Luisa León Rodríguez e D<sup>a</sup> Carmen Salgado López (todas elas adscritas a Rexistro e Control) realizan *“as funcións de cualificación e clasificación das solicitudes sometidas ó réxime de comunicación previa -licenzas de actividades inocuas, transmisión de licenzas e licenzas de obra menor-. Desde a entrada en vigor o 28/12/2013 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o réxime de comunicación previa amplíase á totalidade das actividades e parte das obras maiores.”*

2º.- Que *“estas funcións, que son determinantes no proceso de axilización administrativa instaurado na Xerencia Municipal de Urbanismo, non se limitan ás propias do postos administrativos que ocupan as citadas funcionarias”*.

3º.- Que *“as citadas funcionarias veñen desenvolvendo dende a data na que se lle recoñece os efectos retributivos da encomenda (02/02/2011) as actividades extraordinarias encomendadas cun especial rendimento e de maneira satisfactoria, permitindo esta labor que non fose necesaria adscrición de outro tipo de persoal á citada sección.”*

En relación co posto que ocupan as citadas funcionarias debe precisarse que D<sup>a</sup> Josefa De Castro Mosquera ocupa desde o un de xullo de 2013 (despois da resolución do concurso de traslados) o posto de xefa da Oficina de Rexistro (con nivel 22 de complemento de destino e específico 313). Pode entenderse que dita xefatura conleva as mencionadas funcións de cualificación e clasificación das actividades. Non obstante, deberá terse en conta as funcións desenvoltas ata o 01/07/2013.

Sen prexuízo de que na próxima modificación da relación de postos de traballo se analicen si ditas funcións teñen un carácter estrutural e permanente, entre tanto propónse o aboamento a cada unha das funcionarias dun complemento de produtividade de 1.768,44 euros, polos 12 meses transcorridos desde a data de referencia final do último aboamento realizado (02/12/2013) ata o 02/12/2014, agás no caso de D<sup>a</sup> Josefa De Castro Mosquera que cinguirase o período 02/12/2013 a 30/06/2013, por ocupar desde o 01/07/2014 a mencionada xefatura da oficina de Rexistro.

Vistos os antecedentes anteditos, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

“1.- Outorgar ás seguintes funcionarias da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, que a continuación se relacionan, os complementos de produtividade propostos:

- D<sup>a</sup> María Josefa De Castro Mosquera (xefa da oficina de Rexistro): 1.026,68 euros.
- D<sup>a</sup> María Luisa León Rodríguez (administrativo de Rexistro): 1.768,44 euros.
- D<sup>a</sup> Carmen Salgado López (auxiliar administrativo de Rexistro): 1.768,44 euros.

2.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 4.563,56 euros, en concepto de produtividade a favor das empregadas municipais anteriormente referenciadas, con cargo á partida orzamentaria 1510.1500000 “Productividade” do vixente Orzamento para 2015 da Xerencia Municipal de Urbanismo.

3.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral e Comité de Persoal, debendo expoñerse asemade no taboleiro de editos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de ún mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso



contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **13(638).- PROPOSTA DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A FAVOR DE D. DAVID GONZÁLEZ COLLAZO, AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA XMU. EXPTE. 8106/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.05.15, dáse conta da proposta da xerente municipal de Urbanismo, do 12.05.15, conformado pola vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Con data 4 de maio de 2015 a Vicepresidenta desta Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu:

*“1º) Encomendar a D. David González Collazo (auxiliar administrativo), adscrito ó Servizo de Vivenda e PMS desta Xerencia Municipal de Urbanismo, as seguintes funcións:*

*1.- En relación coas vivendas municipais en venta da rúa República Argentina nº 12-14:*

- Labores en relación co alleamento das vivendas pendentes de adxudicación.*
- Xestión e seguimento das deficiencias e reparación das vivendas (en relación coa comunidade de propietarios, no seu caso), tanto antes como despois da formalización dos alleamentos.*
- Recepción das queixas e dúbidas dos compradores das vivendas municipais, en especial durante a fase de posta en funcionamento das instalacións.*

*2.- En relación coas vivendas municipais da rúa Teixugueiras nº 15-17: atención aos inquilinos e comodatarios destas vivendas municipais, incluído o seguimento de estado das instalacións.*

*3.- En relación coas vivendas municipais da estrada de Camposancos nº 317 (As Roteas) e da rúa Anduriña nº 5: xestión e seguimento das obras de instalación e reparación destas vivendas, que serán precisas para a resolución do procedemento de realoxamento dos expropiados da cidade da xustiza.*

*2º) Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión dun complemento de produtividade de 147,27 € ó mes, con efectos do día 10 de marzo de 2015 (data na que se acredita o desenvolvemento das devanditas funcións).”*

Visto o informe do Interventor Xeral de data 12/05/2015 e incorporada retención de crédito nº 201500001431 por importe de 1.163,43 euros (importe máximo ata 31 de decembro de 2015) proponse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

*“Autorizar un complemento de produtividade, a favor de D. David González Collazo, auxiliar administrativo da Xerencia Municipal de Urbanismo, por importe de 147,27 euros, que se liquidará previa constatación da realización efectiva das funcións encomendadas e ata o 31 de decembro de 2015”.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **14(639).- PROPOSTA DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A FAVOR DE D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ, XEFE DE URBANIZACIÓNS E INFRAESTRUTURAS DA XMU. EXPTE. 8107/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.05.15, dáse conta da proposta da xerente municipal de Urbanismo, do 12.05.15, conformado pola vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Con data 4 de maio de 2015 a Vicepresidenta desta Xerencia Municipal de Urbanismo resolveu:

*“1º) Encomendar a D. Juan Aguirre Rodríguez, Xefe Urbanizacións-Infraestructuras, as funcións desenvoltas polo anterior Xefe dos Servizos Técnicos, en especial as referidas á representación e supervisión municipal das seguintes obras públicas:*

- Construción da EDAR do Lagares, construción do novo emisario submarino e da liña de alta tensión da nova subestación eléctrica.*
- Construción da infraestrutura ferroviaria do eixo atlántico de alta velocidade e da nova estación de Vigo-Urzáiz.*
- Construción das obras de mellora das comunicacións do entorno do aeroporto de Vigo-Peinador, incluída a construción da nova pasarela peonil até o IFEVI e as actuacións na A-55.*
- Construción do Novo Hospital de Vigo (NHV) en Beade, así como as novas dotacións, infraestructuras e servizos urbanísticos necesarios para a súa funcionalidade e conexión co entramado viario do municipio.*
- Implantación de novas infraestructuras eléctricas no entorno de Balaídos, incluída a construción da nova subestación eléctrica soterrada e blindada de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A.*

*2º) Propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión dun complemento de produtividade de 404,47 € ó mes, con efectos do día 20 de novembro de 2014 (data da xubilación do titular do posto de “xefe de Servizos Técnicos” desta Xerencia de Urbanismo e na que comenza o desenvolvemento das devanditas funcións por orde do superior xerárquico).”*

Visto o informe do Interventor Xeral de data 12/05/2015 e incorporada retención de crédito nº 201500001432 por importe de 3.195,31 euros (importe máximo ata 31 de decembro de 2015) propónse a Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

*“Autorizar un complemento de produtividade, a favor de D. Juan Aguirre Rodríguez, xefe de Urbanizacións e Infraestructuras da Xerencia Municipal de Urbanismo, por importe de 404,47 euros, que se liquidará previa constatación da realización efectiva das funcións encomendadas e ata o 31 de decembro de 2015”.*

### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(640).- PROPOSTA DE COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE A FAVOR DE D. AURELIO ADÁN FERNÁNDEZ, POLO DESENVOLVEMENTO DAS FUNCIÓNS ENCOMENDADAS EN RELACIÓN COA ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL. EXPTE. 8219/407.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización, dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, do 14.05.15, conformado pola xerente municipal de Urbanismo, do 14.05.15, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de abril de 2015, adoptou o seguinte acordo (punto 25, expediente 19724/240):

- *“Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 1.861,87 euros en concepto de produtividade a favor do empregado municipal D. Jesús Saavedra Rodríguez NP 14166 e DNI 35984439L, polo desempeño no período 01/07/2014-30/09/2014, das funcións encomendadas, segundo Resolución de data 09/09/2013, pola 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos, Patrimonio, Economía e Facenda, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000.*
- *O aboamento do complemento de produtividade correspondente a D. Aurelio Adán Fernández deberá ser aprobado pola Xerencia Municipal de Urbanismo, con cargo ós seus Orzamentos.”*

Toda vez que a competencia para a fixación de retribucións do persoal propio deste Organismo Autónomo está atribuída á Xunta de Goberno Local e que no informe de Intervención de data 13 de maio de 2015 se expresa que *“parece que o máis axeitado, aos efectos de sanar o procedemento de recoñecemento da produtividade, se sometese unha nova proposta a Xunta de Goberno Local...”*, procede someter a Xunta de Goberno Local a aprobación do complemento de produtividade do funcionario desta Xerencia de Urbanismo.

A tal efecto, existe crédito adecuado e suficiente na partida 1510.1500000 (RC-201500001401) para afrontar o custo da produtividade do funcionario desta XMU (1.978,23 euros).

En consecuencia co antedito, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

*“Aprobar e comprometer o gasto, con cargo á partida 1510.1500000 do Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, por importe de 1.978,23 euros, en concepto de produtividade a favor do empregado municipal D. Aurelio Adán Fernández, polo desempeño no período 01/07/2014 a 30/09/2014 das funcións encomendadas, segundo Resolución de data 09/09/2013, pola 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes*

Proxectos, Patrimonio, Economía e Facenda, en relación coa actualización do Inventario Municipal”.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **16(641).- PROPOSTA DE PRÓRROGA DO CONTRATO COA EMPRESA “SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.”. EXPTE. 15299/541.**

Visto o informe xurístico do 15.05.15, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, de data 8.05.15, conformado polo interventor xeral e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES:*

- *A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria celebrada o día 26 de agosto de 2011, adoptou o acordo de “Adxudicar á mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L. por procedemento aberto e ordinario a contratación do SERVIZO DE COLABORACIÓN EN PROCEDIMENTOS DE RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO DE INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO E PROCEDIMENTOS SANCIONADORES EN MATERIA DE TRÁFICO, (EXPTE. 10075-541)”, de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada, formalizándose o oportuno contrato no correspondente documento administrativo o 26 de setembro de 2011.*
- *Conforme ao disposto na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares e apartado 7 da FEC, o contrato ten unha duración de 4 (catro) anos contados dende a data de inicio da prestación dos servizos, o 1 de outubro de 2011, podendo ser obxecto de 2 (dúas) prórrogas de carácter anual, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e que o contratista non se opoña a mesma cunha antelación de cinco meses respecto do vencemento do contrato ou calquera das prórrogas.*
- *Mediante escrito presentado no rexistro xeral do Concello de Vigo o 5 de maio de 2015 (doc. 150052735), a entidade SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL, manifesta a vontade de continuar prestando os servizos obxecto do contrato no período de prórroga, de conformidade co disposto no prego de cláusulas, polo que solicita a prórroga do contrato formalizado co Concello de Vigo.*

#### *INFORME:*

*I. Tendo en conta que a data de inicio do contrato asinado coa entidade SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL foi o 1 de outubro de 2011, a duración inicial deste contrato finalizará o vindeiro 30 de setembro de 2015, polo que de persistir na actualidade as necesidades que*

*motivaron a contratación, deberá adoptarse pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo un acordo expreso de prórroga contractual nos termos previstos na cláusula 2.3 do prego de cláusulas administrativas particulares e o apartado 7 da FEC. Neste sentido compre manifestar a predisposición da adxudicataria a continuar na prestación dos servizos durante o período de prórroga, non constando a oposición da mesma dentro do prazo de antelación indicado nos citados documentos.*

*II. Mediante informe desta tesourería de data 21 de xuño de 2010, obrante no expediente 10075-541, poñíase de manifesto, entre outros extremos, o seguinte:*

*“A xestión recadadora do Concello de Vigo, tanto no período voluntario como no período executivo, realizase directamente pola propia Entidade Local, de conformidade co disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.*

*A recadación en período voluntario realizase a través de entidades colaboradoras, desempeñando as entidades de depósito Caixanova, Caixa Galicia, BBVA e La Caixa o papel de entidades xestoras.*

*Polo que respecta á recadación en período executivo, ésta se realiza directamente pola Entidade Local, por persoal municipal adscrito ó servizo de recadación, se ben dende abril de 1994, e tendo en conta a insuficiencia de medios con que contaba a Administración municipal para xestionar adecuadamente o servizo, decidiuse contratar unha asistencia técnica consistente na prestación dos servizos de colaboración na xestión recadadora municipal da totalidade dos ingresos, tributarios ou non, susceptibles de ser xestionados en período executivo, así como a xestión e recadación das multas de tráfico nos seus períodos voluntario e executivo.*

*A experiencia demostrou o acertado da medida, non xa polo notable incremento do importe recadado, se non e fundamentalmente pola substancial mellora na xestión dos procedementos e na calidade do servizo prestado aos contribuintes, pois non debe perderse de vista o marcado carácter social da recadación executiva como instrumento ao servizo da política económica xeral e, máis en concreto, como mecanismo fundamental de redistribución da renda e a riqueza.*

*Polo que se refire á necesidade ou conveniencia de manter un contrato de colaboración cos servizos recadatorios municipais, en definitiva o modelo organizativo actual, compre subliñar que o Concello de Vigo, e máis en concreto os servizos municipais de recadación, non contan na actualidade coa infraestrutura de recursos humanos e materiais mínima indispensable para a prestación dos servizos adecuadamente, contando unicamente coa adscrición efectiva do recadador executivo municipal como persoal funcionario, de tal xeito que calquera reconsideración do modelo actual pasaría inescusablemente por dotar previamente aos servizos municipais de recadación dos medios imprescindibles,*

*humanos, materiais e informáticos, para garantir unha adecuada prestación do mesmo, tendo, en consecuencia, que acudir á procura de recursos no exterior (externalización) a través das modalidades contractuais previstas ao efecto na lexislación vixente.*

*A estes efectos, a modalidade contractual prevista no texto refundido da Lei de contratos das Administracións públicas para a realización de actividades complementarias ou instrumentales da xestión recadadora, en virtude da que os suxeitos privados convértense en colaboradores da Administración contratante, suplindo deste xeito as carencias internas existentes na mesma, é o contrato de servizos.*

*En definitiva, dadas as actuais circunstancias, resulta necesario convocar un concurso para contratar a colaboración e asistencia técnica, material e informática aos servizos municipais de recadación na tramitación dos expedientes administrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopen no período executivo de ingreso, se ben, tendo en conta que a función pública de recadación, é unha función pública necesaria en tódalas Corporacións locais, e o seu cumprimento está reservado legalmente a persoal suxeito ó Estatuto funcional por implicar o exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos, o contrato comprenderá a realización de cantas tarefas de apoio, execución e asistencia se consideren necesarias, sen que en ningún caso se contemple a produción de actos administrativos nin aqueles que impliquen exercicio de autoridade inherente ós poderes públicos.*

*Así mesmo deberá incluírse tamén dentro do obxecto do contrato a colaboración, cos servizos municipais de Tráfico e Seguridade Vial, e Recadación, na tramitación dos expedientes para a xestión administrativa e a recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico.*

*(.../)*"

*III. Pois ben, na actualidade subsisten as causas que motivaron a licitación, isto é, os servizos municipais de recadación, non contan coa infraestrutura de recursos humanos e materiais mínima indispensable para a prestación do servizo, contando, como no momento da licitación, unicamente coa adscrición efectiva do recadador executivo municipal, de tal xeito que calquera reformulación da actual organización pasaría necesariamente por dotar previamente ó servizo dos medios imprescindibles para garantir unha adecuada prestación do mesmo.*

*IV. A mercantil SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, SL, ven prestando ó Concello de Vigo o servizo contratado dende a data de inicio da prestación, con suxeición ás condicións establecidas polo Concello de Vigo a través dos pregos de condicións e cláusulas administrativas particulares, e habéndose obtido, ao meu xuízo, uns resultados satisfactorios.*

*V. Polo esposto, entende o funcionario que subscribe que debe procederse a prorrogar o contrato de colaboración aos servizos municipais de recadación na tramitación dos expedientes admi-*

*nistrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopen no período executivo de ingreso, así como a colaboración na tramitación dos expedientes para a xestión administrativa e a recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, formalizado coa empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., por un período anual máis, isto é, ata o día 30 de setembro do ano 2016.*

*VI. A competencia para a adopción do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.*

**PROPOSTA DE ACORDO:**

*Prorrogar o contrato de colaboración aos servizos municipais de recadación na tramitación dos expedientes administrativos de recadación dos ingresos municipais de Dereito Público que se atopen no período executivo de ingreso, así como a colaboración na tramitación dos expedientes para a xestión administrativa e a recadación en período voluntario de ingreso das sancións impostas como consecuencia da tramitación de expedientes sancionadores en materia de tráfico, formalizado coa empresa SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L., por un período anual máis, isto é, ata o día 30 de setembro do ano 2016.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **17(642).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey.